




Selma Lagerlöf

**Lesbianas
na Historia**

(Märbacka, provincia de Värmland, Suecia meridional, 20 de novembro de 1858 - ibídem 16 de marzo de 1940)

Escritora sueca de fama universal e a primeira muller en obter un Premio Nobel de Literatura (1909). A súa obra posúe fortes tendencias moral-educativas, cultivando o lendario pasado, a preservación dos valores e a tradición. Escribiu novelas épicas, cheas de fantasía e lirismo, con resonancias de antigas lendas escandinavas.



Elisabeth Bishop

**Lesbianas
na Historia**

(Worcester, Massachusetts, 8 de febreiro de 1911 - Boston, 6 de outubro de 1979).

Poeta estadounidense, distinguida como poetisa laureada dos Estados Unidos (1949-1950) e Premio Pulitzer de poesía en 1956 polo seu libro *North & South — A Cold Spring*, que agrupaba varios poemarios. En 1976, converteuse na primeira muller en recibir o premio internacional de literatura de Neustadt.



Victoria Kent

Lesbianas na Historia

(Málaga, 6 de marzo de 1891 - Nova York, 26 de setembro de 1987)

Avogada e política republicana española. Foi a primeira muller en colexiarse no Colexio de Avogados de Madrid, en 1925, e a segunda española, tras Ascensión Chirivella Marín (que se colexiou en Valencia en 1922). Tamén foi a primeira muller que exerceu como avogada ante un tribunal militar. Ocupou o cargo de Directora Xeral de Prisións.



Audre Lorde

Lesbianas na Historia

(Harlem, Nova York 18 de febreiro de 1934 - Saint Croix, 17 de novembro de 1992)

Escritora afroamericana. Feminista e activista polos dereitos civís. Como poeta é especialmente coñecida polo seu dominio técnico e expresión emocional cos cales expresa ira e indignación polas inxustizas civís e sociais que advertiu ao longo da súa vida.



Jane Addams

Lesbianas
na Historia

(Cedarville, Illinois, 6 de setembro de 1860 - Chicago, 21 de maio de 1935)

Trabalhadora social feminista, pacifista e reformadora estadunidense. Em 1889 fundou a Hull House xunto a Ellen Gates Starr, que hoxe en día é un museo. Pola súa labor e compromiso en diferentes causas sociais, en 1931 gañou o premio Nobel da Paz.




Sara Josephine Baker

Lesbianas
na Historia

(15 de novembro de 1873, Poughkeepsie, Nova York - 22 de febreiro de 1945, Nova York)

Foi a primeira cidadá dos Estados Unidos en recibir un doutoramento en saúde pública. Como directora do sector de hixiene infantil de Nova York, axudou a diminuír a taxa de mortalidade infantil da cidade ao mínimo, máis que calquera outra poboación do país.



Gloria Fuertes

**Lesbianas
na Historia**

(Madrid, 28 de xullo de 1917- ibídem, 27 de novembro de 1998)

Poeta española incluída na 'Generación del 50'. A súa labor poética viuse reforzada en España a partir dos anos 1970 polas súas colaboracións en programas infantís e xuvenís. Na súa poesía defendeu o feminismo, o pacifismo e o medio ambiente. A súa poesía mantén un aire moderno, se cadra herdanza dos seus inicios postistas, unha corrente literaria renovadora na que militou e onde o humor sempre estaba presente.



Chavela Vargas

Lesbianas
na Historia

*(San Joaquín, Heredia, Costa Rica, 17 de abril de 1919 -
Cuernavaca, México, 5 de agosto de 2012)*

Cantante mexicana de orixe costarricense. Consideráraselle unha figura principal e peculiar da música ranchera. Foi distinguida co Premio Grammy á Excelencia Musical da Academia das Ciencias e Artes da Gravación no 2007.



Gabriela Mistral

Lesbianas na Historia

(Vicuña, 7 de abril de 1889 - Nova York, 10 de xaneiro de 1957)

Poeta, diplomática, profesora e pedagoga chilena. Polo seu traballo poético, recibiu o premio Nobel de Literatura en 1945. Foi a primeira muller iberoamericana e a segunda persona latinoamericana en recibir un premio Nobel.



Cristina de Suecia

**Lesbianas
na Historia**

(Estocolmo, 8 de decembro de 1626 - Roma, 19 de abril de 1689)

Raíña de Suecia, duquesa de Bremen e princesa de Verden. Protectora das artes e mecenas, abdicou do trono de Suecia en 1654. Durante o seu reinado, Suecia foi o centro do humanismo en Europa, e Cristina recibiu o nome de Minerva do Norte.



Ana de Inglaterra

Lesbianas
na Historia

(Londres; 6 de febreiro de 1665 - ibídem; 1 de agosto de 1714)

Raíña de Inglaterra, Escocia e Irlanda desde o 8 de marzo de 1702. Durante a súa rexencia, Inglaterra e Escocia uníronse nun só reino. Baixo a súa coroa desenvolveuse o sistema bipartidista.



Storme DeLarverie

Lesbianas
na Historia

(Nova Orleans, 24 de decembro de 1920 - Nova York, 24 de maio de 2014)

Activista polos dereitos LGTB, prendeu a faísca que orixinou os disturbios de Stonewall, onde se iniciou a loita polos dereitos das persoas lesbianas, gais, trans e bisexuais en Estados Unidos e no resto do mundo. É coñecida como “A Rosa Parks da comunidade LGTB”.



Patricia Highsmith

Lesbianas
na Historia

(Fort Worth, Texas, 19 de xaneiro de 1921 - Locarno, Suíza, 4 de febreiro de 1995)

Novelista estadounidense famosa polas súas obras de suspense. Alabada pola crítica como unha das mellores escritoras da súa xeración, pola penetración psicolóxica que acadaba nos seus personaxes e nas súas tramas complexas e moi elaboradas, conseguiu un recoñecemento internacional.



Tove Jansson

Lesbianas na Historia

(Helsinki, 9 de agosto de 1914 - ibídem, 27 de xuño de 2001)

Escritora, ilustradora, historietista e pintora finlandesa en idioma sueco. É particularmente coñecida pola súa obra para crianzas e, sobre todo, por crear os personaxes da familia Mumin. Estes figuran entre os grandes éxitos internacionais da literatura de Finlandia, só por debaixo das obras de Mika Waltari e el Kalevala.




Annemarie Schwarzenbach

**Lesbianas
na Historia**

(Zúrich, 23 de maio de 1908 - Sils im Engadin/Segl, 15 de novembro de 1942)

Doutora en filosofía, arqueóloga, xornalista, fotógrafa e novelista suíza, coñecida sobre todo pola súa faceta de escritora de viaxes. Os seus viaxes, que inspiraron a súa obra, levárona a Estados Unidos, España, Rusia, Afganistán e o Congo Belga.



Gertrude Stein

Lesbianas
na Historia

(Allegheny; 3 de febreiro de 1874 - Neuilly-sur-Seine; 27 de xullo de 1946)

Escritora estadounidense de novelas, poesía e teatro. Stein é considerada unha pioneira da literatura modernista. A súa obra rachou coa narrativa lineal e as convencións temporais do século XIX.



Lota de Macedo Soares

**Lesbianas
na Historia**

(París, 16 de marzo de 1910 – Nova York, 25 de setembro de 1967)

Arquitecta brasileira a quen se lle atribúe a creación do Parque do Flamengo, hoxe Parque Brigadier Eduardo Gomes, en Río de Janeiro.

Selma Lagerlöf

Elisabeth Bishop

Victoria Kent

Audre Lorde

Jane Adamms

Sara Josephine Baker

Gloria Fuertes

Chavela Vargas

Gabriela Mistral

Cristina de Suecia

Ana de Inglaterra

Storme Delarverie

Patricia Highsmith

Tove Jasson

Annemarie Schwarzenbach

Gertrude Stein

Lota de Macedo Soares

Lesbianas *na* Historia